

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Plan de Igualdade

Responsable: Joaquín Expósito López

CIFP: AS MERCEDES

Curso: 2025 - 2026

Contido

1	Introdución	3
2	Contexto normativo	3
3	Análise da situación do centro	4
3.1	Contexto do CIFP	4
3.2	Análise DAFO	10
4	Obxectivos coeducativos e medidas concretas de actuación a curto e longo prazo.....	11
5	Propostas de visibilización e difusión	13
5.1	Visibilización en espazos físicos do centro.....	13
5.2	Difusión a través de medios dixitais.....	13
5.3	Integración na vida académica e titorial.....	14
5.4	Campañas e actividades conmemorativas.....	14
5.5	Visibilización de referentes e boas prácticas.....	14
5.6	Implicación da comunidade educativa.....	14
5.7	Difusión interna e avaliación.....	14
6	Medidas de seguimento, avaliación, revisión e mellora do plan	15

1 Introducción

A administración educativa galega presenta, a través do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, o Plan de Igualdade no ámbito educativo co obxectivo de impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións.

Asemade, o VIII Plan Estratéxico de Igualdade 2022-2027 recolle diversas liñas de actuación a ter en conta dentro do contexto educativo. En concreto:

- As mulleres na ciencia e na investigación.
- Educación para a igualdade e prevención das violencias contra as mulleres.
- Intervención para a erradicación da violencia de xénero.

A partir destes referentes abórdase no centro a elaboración do Plan de Igualdade que se centra na coeducación e na prevención da violencia de xénero dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal e que recolle de xeito sistemático as medidas que se desenvolverán nas diferentes áreas do ámbito educativo do centro dirixidas á comunidade educativa, nomeadamente ao alumnado e ao profesorado.

Unha vez desenvolta a diagnose, que permitirá entender o punto de partida, será preciso dar a resposta adecuada, para o que se terán que ir establecendo prioridades de acordo coas necesidades detectadas no estudo de diagnose. Deste xeito, xustifícase a elaboración deste plan de igualdade no centro, como forma estruturada e planificada de responder ante unha realidade analizada cara a consecución dun proxecto enmarcado na coeducación e de acordo cos obxectivos formulados neste eido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2 Contexto normativo

Este plan de igualdade circunscríbese no seguinte marco normativo:

Normativa estatal:

- Constitución Española de 1978.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na que se establece como principio da educación no artigo 1 “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei Orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Normativa autonómica:

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia determina, no seu artigo 3.2, que a formación profesional fomentará a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para accederen a unha formación que permita calquera tipo de opcións profesionais, así como o seu exercicio.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2010/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.
- VIII Plan Estratéxico de Igualdade 2022-2027.

3 Análise da situación do centro

3.1 Contexto do CIFP

As instalacións do CIFP As Mercedes están situadas na parte sueste da cidade de Lugo, na saída con dirección Madrid. Situado nun dos emprazamentos de maior crecemento urbanístico na última década, a zona dispón de grandes avenidas, zona verdes e espazos recreativos e multitude de puntos de interese social e cultural.

A pouca distancia atópanse o Campus Universitario, a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio de Música e Escola de Danza, espazos deportivos (piscinas municipais e pavillón universitario) así como a Comisaría de Policía Local. A cidade conta cunha poboación que supera os 98.000 habitantes, segundo os datos de 2023 do Instituto Nacional de Estadística.

O CIFP As Mercedes de Lugo, forma parte da rede de Centros Integrados de Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia, formado por 28 centros, e no que se desenvolven accións formativas de formación profesional inicial ou regrada, e formación para o emprego, así como os procedementos de acreditación de competencias.

Os datos do centro son:

Nome do centro: CIFP As Mercedes

Dirección: Avenida de Madrid, 75 C.P. 27002. Lugo Tfno.:982 828 001; Fax: 982 250 429

Correo electrónico: cifp.asmercedes@edu.xunta.gal

A) CIFRAS ALUMNADO

Na cidade de Lugo a maioría das familias teñen un nivel modesto de renda e viven, fundamentalmente, das actividades relacionadas co sector servizos ou co sector primario, pois a provincia de Lugo vive principalmente da agricultura e da gandería. Por outra banda, na cidade, hai dous polígonos nos que se atopan un gran número de empresas con ingresos de facturación altos. No ámbito da nosa Comunidade hai empresas que son modelos de xestión e desenvolvemento empresarial.

O alumnado do centro educativo provén na súa maior parte de centros da propia cidade aínda que tamén existe unha parte importante que se despraza dende os concellos limítrofes da provincia. Asemade, dado que na oferta educativa dos últimos cursos existen ciclos que non se imparten en ningún outro centro da comunidade galega, contamos con alumnado doutras provincias.

O alumnado que provén de zonas rurais é moi significativo, o que normalmente favorece a integración, xa que a maioría do alumnado non se coñece ao principio do curso ao proceder de centros distintos e encóntranse no centro educativo onde se van relacionando e vaise creando un ambiente moi cordial por norma xeral. Dita orixe do ámbito rural achega elementos moi positivos ao poñer de manifesto que o alumnado ten uns valores de constancia e traballo propios dos traballos familiares.

O alumnado matriculado no centro no curso 2025/26 ascende a 1041, das que 751 correspóndense con alumnos e 290 con alumnas. A distribución por familia profesional sería a seguinte:

COMERCIO E MÁRKETING			
Ciclos Básicos	Homes	13	72,20%
	Mulleres	5	27,80%
Ciclos Medios	Homes	33	55%
	Mulleres	27	45%
Ciclos Superiores	Homes	123	40,59%
	Mulleres	180	59,41%
Curso de Especialización	Homes	21	55,26%
	Mulleres	17	44,74%

INSTALACIÓN E MANTEMENTO			
Ciclos Básicos	Homes	6	75%
	Mulleres	2	25%
Ciclos Medios	Homes	65	89%
	Mulleres	8	11%
Ciclos Superiores	Homes	72	91%
	Mulleres	7	9%

ENERXÍA E AUGA			
Ciclos Superiores	Homes	28	84,84%
	Mulleres	5	15,16%
Curso de Especialización	Homes	12	100%
	Mulleres	0	0%

TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS			
Ciclos Básicos	Homes	23	92%
	Mulleres	2	8%
Ciclos Medios	Homes	145	94,15%
	Mulleres	9	5,85%
Ciclos Superiores	Homes	151	87,79%
	Mulleres	21	12,21%
Curso de Especialización	Homes	38	90,48%
	Mulleres	4	9,52%

SEGURIDADE E MEDIOAMBIENTE			
Ciclos Medios	Homes	21	87,5%
	Mulleres	3	12,5%

B) CIFRAS PROFESORADO

No referente ao profesorado, recóllense os seguintes datos:

Comercio e Márketing	Homes	4	30,77%
	Mulleres	9	69,23%
Instalación e Mantemento	Homes	8	53,33%
	Mulleres	7	46,66%
Enerxía e Auga	Homes	2	50%
	Mulleres	2	50%
Transporte e mantemento de vehículos	Homes	21	84%
	Mulleres	4	16%
Seguridade e Medioambiente	Homes	0	0%
	Mulleres	3	100%
FOL	Homes	0	0%
	Mulleres	6	100%
Inglés	Homes	1	16,66%
	Mulleres	5	83,33%
HOMES		MULLERES	
36		36	

C) CIFRAS RELATIVAS AOS NOMEAMENTOS DO CENTRO

EQUIPO DIRECTIVO	
Director	Joaquín Expósito López
Vicedirectora	María Vázquez Armesto
Xefe de Estudos	Ángel Sánchez Dacal

Secretaria	Eva María Fernández Dopico
HOMES	MULLERES
2 (50%)	2 (50%)

XEFATURAS DE DEPARTAMENTO	
Comercio e Márketing	Amalia Rivas Tomé
Instalación e Mantemento	Juan Carlos Fernández López
Enerxía e Auga	Víctor Manuel Paz Cortiñas
Transporte e Mantemento de Vehículos	María Isabel Tomé López de Silanes
Seguridade e Medioambiente	Mónica Rojas Losada
FOL	María Nuria Cadórniga Vega
Inglés	Nuria Prieto Díez
HOMES	MULLERES
2 (28,5%)	2 (71,5%)

COORDINACIÓNS E DEPARTAMENTOS NON DIDÁCTICOS	
Innovación e Formación do Profesorado	Laura Enríquez Barcia
Relacións con empresas	Inés Piñeiro Iglesias
Emprendemento	Elena Otero Lozano
TIC	Cristina González Dacal
Programas Internacionais	Mercedes Álvarez Uría
Lingua Galega	María Pilar Gandoy Domínguez

Biblioteca	Montserrat Riopedre Díaz
Convivencia e Benestar	Pablo Grande Estévez
Programas Plurilingües	Pablo Quintela Sotelo
Departamento de Calidade	Félix Méndez Teijeiro
Departamento de Orientación Profesional	Nerea López Ares
Departamento de Acreditación e Probas	Maite Costa Barbará
HOMES	MULLERES
3 (25%)	9 (75%)

3.2 Análise DAFO

FORTALEZAS	DEBILIDADES	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Compromiso institucional do centro cos principios de igualdade, inclusión e non discriminación	Persistencia de estereotipos de xénero en determinadas familias profesionais	Colaboración con empresas comprometidas coa igualdade e a responsabilidade social	Influencia de estereotipos sociais e culturais arraigados na contorna
Integración do Plan de Igualdade noutros plans do centro	Desigual representación de mulleres e homes nalgúns ciclos formativos	Uso de datas clave (8M, 25N, Día da Muller e a Nena na Ciencia...) como ferramentas educativas	Incremento e discursos negacionistas sobre a igualdade de xénero na sociedade
Capacidade do centro para influír na orientación académica e profesional do alumnado	Falta de indicadores sistematizados para avaliar o impacto real das medidas de igualdade	Incorporación da perspectiva de xénero na orientación laboral e no emprendemento	Risco de que o Plan de Igualdade se perciba como un trámite administrativo e non como unha ferramenta real de transformación

4 Obxectivos coeducativos e medidas concretas de actuación a curto e longo prazo

Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Actuacións	Ámbito de actuación	Responsables
Integrar a igualdade de xénero e a coeducación de forma transversal na vida e na organización do centro	Incorporar a perspectiva de xénero nos documentos institucionais e na práctica docente	- Revisión das NOF e doutros documentos do centro dende a perspectiva de xénero.	- Centro educativo no seu conxunto. - Documentación institucional e comunicación interna e externa.	- Equipo directivo - Responsable de igualdade - Claustro - Persoal non docente
	Promover unha cultura organizativa baseada na igualdade, o respecto e a inclusión	- Elaboración e difusión de orientacións para o uso de linguaxe inclusiva e non sexista.		
	Garantir o uso dunha linguaxe e imaxe non sexista no centro	- Inclusión da igualdade como liña prioritaria nos plans e programas do centro. - Difusión de mensaxes e materiais coeducativos en espazos físicos e dixitais do centro		
Fomentar a igualdade de oportunidades e reducir a segregación por razón de xénero nas distintas familias profesionais	Combatir estereotipos de xénero asociados ás distintas familias profesionais	- Incorporación da perspectiva de xénero nas actividades de orientación académica e profesional.	- Alumnado do centro - Departamento de orientación - Actividades de información e orientación externa	- Equipo directivo - Departamento de orientación - Titorías - Responsable de igualdade
	Favorecer o acceso do alumnado do sexo infrarrepresentado a determinados ciclos	- Realización de charlas e encontros con profesionais de ambos sexos en sectores masculinizados ou feminizados.		
	Promover unha orientación académica e profesional libre de sesgos de xénero	- Difusión de materiais informativos que amosen saídas profesionais sen estereotipos.		

		- Participación en campañas de orientación.		
Sensibilizar á comunidade educativa en valores de igualdade, corresponsabilidade e respecto á diversidade	Incrementar a conciencia crítica sobre desigualdades e discriminacións por razón de xénero	- Organización de actividades conmemorativas en datas clave (8 de marzo, 25 de novembro, 11 de febreiro).	- Alumnado - Acción tutorial - Actividades complementarias e extraescolares	- Tutorías - Profesorado - Responsable de igualdade - Departamento de orientación
	Visibilizar o papel das mulleres en distintos ámbitos profesionais e sociais	- Realización de exposicións, charlas e campañas de sensibilización.		
	Implicar ao alumnado na promoción da igualdade	- Integración de contidos coeducativos en titorías e módulos formativos. - Fomento da participación activa do alumnado en iniciativas de igualdade.		
Prever a violencia de xénero, o acoso ou calquera forma de discriminación por razón de sexo, identidade ou orientación sexual	Promover relacións afectivas baseadas no respecto e a igualdade	- Difusión do protocolo de actuación ante situacións de violencia de xénero e acoso.	- Alumnado - Tutorías - Comisión de convivencia	- Equipo directivo - Departamento de orientación - Tutorías - Comisión de convivencia
	Dar a coñecer os protocolos da actuación ante situacións de violencia ou acoso	- Desenvolvemento de sesións informativas en titorías sobre relacións e resolución pacífica de conflitos.		
	Detectar de forma temperá posibles situacións de risco	- Coordinación co plan de convivencia e co Departamento de Orientación. - Colaboración con entidades especializadas en prevención da violencia de xénero		
Impulsar a formación e o compromiso do	Mellorar a competencia do	- Promoción de actividades	- Profesorado	- Equipo directivo

profesorado e persoal do centro en materia de igualdade e coeducación	profesorado en igualdade e perspectiva de xénero	formativas relacionadas coa igualdade e a diversidade.	- Persoal non docente - Organización interna do centro	- Comisión de convivencia - Claustro de profesorado
	Dotar ao persoal do centro de recursos e ferramentas coeducativas	- Difusión de recursos e materiais coeducativos elaborados por organismos oficiais.		
	Favorecer a implicación activa do profesorado no desenvolvemento do Plan de Igualdade	- Creación dun repositorio de boas prácticas coeducativas do centro. - Avaliación periódica do grao de implicación do profesorado no Plan de Igualdade		

5 Propostas de visibilización e difusión

5.1 Visibilización en espazos físicos do centro.

Levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Creación dun espazo de igualdade nunha zona visible do centro.
- Instalación de paneis informativos permanentes sobre igualdade, coeducación e diversidade.
- Exposicións temporais sobre mulleres referentes na FP, a ciencia, a industria e a tecnoloxía.
- Cartelería con mensaxes coeducativos e de prevención da violencia de xénero.
- Sinalización de espazos comúns con linguaxe inclusiva.

5.2 Difusión a través de medios dixitais.

As accións que se desenvolverán son as que se sinala a continuación:

- Creación dun apartado específico do Plan de Igualdade na web do centro.
- Publicación periódica de noticias e actividades relacionadas coa igualdade.
- Difusión de campañas e efemérides a través das redes sociais do centro.
- Uso da plataforma educativa para compartir materiais e recursos coeducativos.
- Inclusión de ligazóns a recursos oficiais da Xunta de Galicia e outros organismos.

5.3 Integración na vida académica e tutorial.

A súa integración farase da seguinte maneira:

- Presentación do Plan de Igualdade ao inicio do curso en titorías.
- Inclusión de contidos de igualdade na acción tutorial.
- Difusión do protocolo de actuación ante situacións de violencia ou acoso.
- Uso de exemplos, casos prácticos e referentes igualitarios nos módulos formativos.

5.4 Campañas e actividades conmemorativas.

Levaranse a cabo as seguintes:

- Organización de actividades en datas clave (8M, 25N e 11 de febreiro).
- Lectura de manifestos e accións simbólicas de centro.
- Charlas, talleres e mesas redondas con profesionais e entidades especializadas.
- Concursos, murais colaborativos ou campañas creativas elaboradas polo alumnado.

5.5 Visibilización de referentes e boas prácticas.

Desenvolveranse as seguintes actividades:

- Difusión de experiencias de éxito do alumnado e profesorado dende unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento a iniciativas coeducativas desenvolvidas no centro.
- Publicación de entrevistas ou testemuñas de mulleres e homes en profesións non estereotipadas.
- Creación dun repositorio de boas prácticas coeducativas do centro.

5.6 Implicación da comunidade educativa.

Tratarase de implicar á comunidade educativa mediante do seguinte xeito:

- Presentación do Plan de Igualdade ao claustro e ao Consello Social.
- Información ás familias sobre as actuacións de igualdade no centro.
- Colaboración con entidades locais, empresas e asociacións comprometidas coa igualdade.
- Participación do centro en campañas institucionais promovidas pola administración.

5.7 Difusión interna e avaliación.

A difusión levarase a cabo da seguinte maneira:

- Comunicación periódica das actuacións realizadas e resultados obtidos.
- Elaboración dunha memoria anual do Plan de Igualdade.
- Recollida de propostas de mellora por parte do profesorado e do alumnado.

- Difusión de conclusións e boas prácticas para cursos posteriores.

6 Medidas de seguimento, avaliación, revisión e mellora do plan

Comprobarase o seguimento do plan a través dos seguimentos trimestrais de cada cargo ou coordinación. Asemade, nas reunións da área de calidade, innovación e orientación, trataranse diversas accións do plan coas persoas responsables das diferentes coordinacións e xefaturas de departamento.

Finalmente, as propostas de revisión e mellorar recolleranse na memoria final que se realizará antes de finalizar o curso.